

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

*Resolución do 20 de setembro de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia número 141, do 21 de xullo, pola que se dá publicidade á relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.*

En sesión que tivo lugar o día 20 de setembro de 2010, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 141, do 21 de xullo, que deberá cualificar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de xullo de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo, de conformidade co disposto na base IV.2. acordou:

Primeiro.-Publicar como anexo a esta resolución a relación de aspirantes que superaron o proceso selec-

tivo, por orde de puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo coa dita base, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentaren a documentación prevista nas letras a), b), c) e d) da citada base.

Segundo.-Elevar a dita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública, para os efectos de que os aspirantes que figuren nela sexan propostos para o seu nomeamento como funcionarios de carreira.

Terceiro.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte o da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, conforme ao disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2010.

Belén Liste Lázara  
Presidenta do tribunal

**ANEXO**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	Discap.	1º exerc.	2º exerc.	3º exerc.	Total oposición	Total concurso	Total
1	44075670B	Bernal Cortegoso	María Teresa	N	12,24	13,99	Exenta	26,23	16	42,23
2	33285082B	Hermo Nimo	Mónica Aurora	N	12,65	15,41	Exenta	28,06	10,79	38,85
3	32831368H	Ferreiro Broz	María del Mar	N	13,87	11,50	Exenta	25,37	13,31	38,68
4	76366714K	Dans Grela	Patricia	N	11,22	11,80	Exenta	23,02	10,97	33,99
5	44818056A	Bonome Gradaille	Cristina	N	15,71	14,28	Exenta	29,99	1,2	31,19
6	33300105S	Río da Torre	Xesús do	N	15,30	13,70	Exento	29,00	1,8	30,80
7	36059054E	Tourón Torrado	María Rita	N	13,06	15,50	Apta	28,56	2	30,56
8	33345284E	Fernández Vilaboa	Iria	N	14,69	14,82	Exenta	29,51	1	30,51
9	44818827S	Cebreiro Miras	Silvia	N	13,67	14,79	Exenta	28,46	2	30,46
10	47357764M	Álvarez Vaamonde	Rafael	N	15,30	14,34	Exento	29,64	0,8	30,44
11	76513160A	Jorge Baleirón	Odilia	N	14,69	13,12	Exenta	27,81	2,55	30,36
12	33339256C	Corral Rodríguez	Beatriz	N	15,10	13,16	Exenta	28,26	2	30,26
13	33348235Y	Otero Villena	María Dolores	N	14,28	15,11	Exenta	29,39	0,8	30,19
14	34981338V	Freire Camaniel	María Concepción	N	13,46	14,60	Exenta	28,06	2	30,06
15	36031311V	Calderón Orth	Juan José	S	11,22	11,66	Exento	22,88	2	24,88
16	32785830C	Torre Santos	Susana de la	S	12,65	12,16	Exenta	24,81	0	24,81

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Anuncio do 16 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de árabe (592002).*

Primeiro

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades e substitucións para:

-Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas:

Especialidade: árabe.

Titulación:

1. Licenciado en filoloxía árabe.

2. Licenciado en tradución e interpretación en lingüística, sempre que se cursase árabe como primeira lingua estranxeira.

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Univer-

sitaria ou nos seus departamentos territoriais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude*.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais, e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/profesorado> (xestión de profesorado; interinos e substitutos).

Cuarto.-*Comisión baremadora*.

A asignación da puntuación que corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-*Requisitos dos candidatos e candidatas*.

a) Estar en posesión da titulación que se sinala no punto primeiro deste anuncio.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de ser seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. A superación do devandito curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto

O baremo, de acordo coa *addenda* asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006, será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 6 de setembro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de supervisor/a de unidade R1-R2 do hospital psiquiátrico deste complexo hospitalario.*

Convocada por Resolución do 26 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 70, do 15 de abril), a provisión do posto de supervisor/a de unidade R1-R2 do Hospital Psiquiátrico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, esta xerencia xeral, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3º da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 5 de xuño),

### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de supervisor/a de unidade R1-R2 do Hospital Psiquiátrico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, convocado por Resolución do 26 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 70, do 15 de abril).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, á persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-De conformidade coa base novena da convocatoria, o candidato nomeado será avaliado, antes de que transcorran catro anos desde o seu nomeamento, para os efectos de prorrogar o desempeño da xefatura, por idéntico período, ou proceder á súa remoción.

Cuarto.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que establece a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situa-